

ACHEGA CRÍTICA DO SINDICATO STEG (SINDICATO DE TRABALLADORAS E TRABALLADORES DO ENSINO DE GALIZA) AO PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIOS DE GALICIA PARA O CURSO 2020-2021, NA SÚA VERSION DO 14-07-2020, AO RESPECTO DA MESA SECTORIAL DO XOVES 16 DE XULLO DE 2020.

- 1. INTRODUCCIÓN**
- 2. ACHEGAS AO TEXTO**
- 3. ANEXOS**

1. INTRODUCCIÓN

A Consellería vén de darlle traslado ás organizacións sindicais o Protocolo de adaptación ao contexto da covid 19 nos centros de ensino non universitarios de galicia para o curso 2020-2021, na súa version do 14-07-2020, ao respecto da mesa sectorial do xoves 16 de xullo de 2020. E o STEG trasladoulle á Consellería na tardiña de hoxe mércores as achegas pormenorizadas a dito documento, que podeades consultar ao final desta entrada de xeito íntegro. O que aquí achegamos é unha valoración en termos globais deste borrador:

Da lectura polo miúdo de dito documento (99 páxinas das que se tivo coñecemento aínda onte martes a mediodía) despréndese a sensación de que a Consellería de Educación segue sen asumir as dimensións do reto que o ensino público galego e a sociedade en xeral enfrontan no comezo do vindeiro curso. Isto mesmo, antes ca nada, requiriría facer chegar os documentos cun tempo moito maior para a súa análise e discusión, se é que houberse vontade diso e non de cumprir co expediente e nada máis.

Deste xeito, o documento, aínda en fase de borrador e para ser debatido na Mesa Sectorial de mañá xoves, adoce de conter numerosas vaguidades, imprecisións e volve outorgarlle unha responsabilidade excesiva ao profesorado e ás familias. De igual xeito, prescinde de medidas fundamentais para abordar as problemáticas sanitarias, de hixiene, seguridade e saúde laboral que conleva a pandemia da COVID-19: a diminución efectiva das ratios por aula ás 15 alumnas/os (actualmente situada en 25) e a contratación de máis profesorado.

A falta disto, o documento carece dunha memoria ou previsión económica que o informe, motivada pola inxente cantidade de materiais, produtos e medidas que así o requirirían e que motivarían a posta en marcha de partidas específicas para enfrontar estes gastos. Ben ao contrario, neste sentido sinálase neste borrador que os gastos derivados da adquisición de máscaras, xel, dispensadores, sinalización... Correrán a conta dos gastos de funcionamento do propio centro, o que conlevará inevitabelmente un deterioro da calidade do ensino público –malia a prioridade sanitaria que debe ser a que prime, non obstante, neste momento-, afectando o alumnado, coma sempre, con máis dificultades e menos recursos e as súas familias.

No tocante ao ensino concertado, polo que a Consellería pasa de esguello neste documento, o STEG preguntase se cumpren estes centros concertados os requerimentos de espazo en relación á súa matrícula e ratios para dar cumprimento a estas normas de obrigado cumprimento. Igualmente, tamén nos preguntamos que medidas ten pensado adoptar a Consellería naqueles centros deste tipo que previsiblemente non poderán cumprilas e se vai manter os concertos educativos cos centros que as incumpren.

Fálase de traballadoras formadas e nos últimos puntos do mesmo borrador fálase da oferta formativa que desenvolverá a Consellería. Que duración terá esta formación? Cando se considerará completada? Neste suposto, onde cómpre crear un equipo Covid (con enorme responsabilidade): cantas horas se fixarán para esta función? A xunta decidirá quen forma parte, en función de que criterios? Sería conveniente valorar a formación previa do profesorado que está no centro en relación coa prevención de riscos laborais, bioloxía, etc ... Dada esta responsabilidade, non debería haber unha remuneración complementaria como xefa/e de departamento ou figura similar?

Ao respecto das autoenquisas e a responsabilidade que se lle confire ao profesorado e familias, dende o STEG opinamos que, en todo caso, en ningún caso se debe facer recaer exclusivamente no profesorado vía "autodiagnóstico" a responsabilidade no control de acceso aos centros, o profesorado non somos persoal médico cualificado para facer diagnósticos médicos. O protocolo pretende facer responsábel o profesorado dos posibles casos nos centros sen artellar medidas reais de prevención nas aulas pois elimina calquer referencia ao control de accesos e a necesaria existencia de botiquíns con material para avaliar si se accede ou non con síntomas da Covid19, ao situar calquer medida sanitaria despois de se ter producido casos pero deixando ao centro sen posibilidade real de detección ao non regular nin de xeito xeral un control efectivo de acceso ao centro con valoración de sintomatoloxía básico (febre).

O STEG, diante do previsíbel aumento do teletraballo, demanda que cada traballadora e traballador do ensino público conte cun equipo informático para uso individual e intransferíbel e se reforcen notabelmente neste sentido os equipamentos informáticos dos centros que propicien un acceso democrático e universal á Rede, non só polos motivos de hixiene relativos a este puntos, senón tamén ao fío das estatísticas oficiais de público coñecemento e dispoñíbeis no enlace seguinte, relativas á Porcentaxe de centros conectados a internet por fibra óptica. (fonte da imaxe: Ministerio de Educación//<http://www.educacionyfp.gob.es/servicios-al-ciudadano/estadisticas/no-universitaria/centros/sociedad-informacion.html>), onde Galiza ocupa o posto máis baixo de todas as comunidades autónomas do Estado, cun 10,4% de conexión, 17 puntos inferior á Castela-A Mancha, penúltima no ranking, ou a máis de 80 puntos porcentuais das comunidades con máis conexión a internet por fibra óptica.

No relativo ao punto 26, de Medidas específicas para o profesorado, en consoancia coa ausencia de previsión ou memoria económica ningunha que informe este

borrador, dende o STEG manifestamos a nosa disconformidade con este feito, en concreto con que a única alusión a aspectos económicos sexa unha referencia neste borrador a que os gastos derivados da adquisición de material hixiénico necesario para levar adiante os protocolos, corran con cargo aos gastos de funcionamento do centro. A este respecto, o STEG bota en falta algunhas estimacións económicas, do seguinte xeito:

155.851 alumnas (segundo os datos da Consellería)

175 días lectivos

0,95 pvp por máscara (prezo variábel no caso de provedores maioristas)

TOTAL: 25.910.228,75 EUROS

Consonte a isto, namentres se manteñan os prezos actuais (0,96 máscaras e 15 euros/litro o xel), cada alumno supón un investimento mínimo de 2,01 euros ao día (7 usos de xel e unha máscara como pouco, contado 10 ml en cada uso como cantidade recomendada), o que finalmente motivaría un investimento final de case 312.000 euros por día lectivo, traducida nunha inversión de 54 millóns de euros en material médico, sen contar algúns outros aspectos.

Segundo os cálculos realizados polo STEG e parte da comunidade educativa, concluímos que incrementar un grupo mais na ESO (de 3 a 4) e 2 no Bach (de 4 a 6) para baixar de 30 a 20 na ESO e de 35 a 20 no Bach precísanse 3,5 docentes máis. Isto é aproximadamente $36.000\text{€} \times 3,5 = 126.000\text{€}$

Mais, tendo en conta que se trata dun borrador, o STEG remitiulle esta mesma tarde un documento con achegas pormenorizadas á Consellería, onde se esbozan propostas, alternativas ou directamente cuestións coas que non se concorda, no camiño de contribuír na medida das nosas posibilidades a enfrontar con garantías o comezo do vindeiro curso, asegurando a saúde da comunidade educativa e defendendo a calidade do ensino público galego.

. O documento podeades consultalo nesta ligazón á nosa web:

ACHEGA 1

Páx. 11 de 99

“O documento é de aplicación aos centros públicos de ensino non universitario e, adaptado ás súas peculiaridades, aos centros privados concertados que imparten ensinanzas non universitarias.”

Cumpren os centros concertados os requerimentos de espazo en relación á súa matrícula e ratios para dar cumprimento a estas normas de obrigado cumprimento? Que medidas ten pensado adoptar a Consellería naqueles centros deste tipo que previsibelmente non poderán cumprilas? Vai manter os concertos educativos cos centros que as incumpren?

ACHEGA 2

Páx. 12 de 99

“Cada centro educativo deberá contar cun equipo formado na COVID-19 que será referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias. O equipo estará formado polo titular da dirección do centro, ou persoa na que delegue ou a substitúa, e dous membros do profesorado (nos centros de menos de seis unidades o equipo poderá constituírse cunha soa persoa). Corresponde á persoa titular da dirección do centro o nomeamento dos restantes membros. Tamén lle corresponderá á persoa directora, ou persoa na que delegue ou a substitúa, a función coordinadora Covid e a interlocución coa administración. En cada centro educativo establecerase unha canle de comunicación cos membros da comunidade educativa”

Fálase de traballadoras formadas e nos últimos puntos do mesmo borrador fálase da oferta formativa que desenvolverá a Consellería. Que duración terá esta formación? Cando se considerará completada? Neste suposto, cómpre crear un equipo Covid (con enorme responsabilidade): cantas horas se fixarán para esta función? A xunta decidirá quen forma parte en función de que criterios? ¿Sería conveniente valorar a formación previa dos profesores que están no centro en relación coa prevención de riscos laborais, Bioloxía, etc ... Dada esta responsabilidade, non debería haber unha remuneración complementaria como xefe de departamento?

Ao respecto das autoenquisas e a responsabilidade que se lle confire ao profesorado e familias, dende o STEG opinamos que, en todo caso, en ningún caso se debe facer recaer exclusivamente no profesorado vía "autodiagnóstico" a responsabilidade no control de acceso aos centros, o profesorado non somos persoal médico cualificado para facer diagnósticos médicos. O protocolo pretende facer responsábel o profesorado dos posibles casos nos centros sen artellar medidas reais de prevención nas aulas pois elimina calquer referencia ao control de accesos e a necesaria existencia de botiquíns con material para avaliar si se accede ou non con síntomas da Covid19, ao situar calquer medida sanitaria despois de se ter producido casos pero deixando ao centro sen posibilidade real de detección ao non regular nin de xeito xeral un control efectivo de acceso ao centro con valoración de sintomatoloxía básico (febre).

ACHEGA 3

Pax. 16 e 17 de 90

"3. Medidas xerais de protección individual

3.1. Durante as clases en aulas nas que o alumnado se dispoña sentado en pupitres e todos orientados nun mesmo sentido, establecerase unha distancia física mínima de 1 metro sen uso de máscara. Esta distancia é a recomendada pola Organización Mundial da Saúde para os centros educativos xa que a maioría dos estudos determinan a distancia máxima de 1 metro como punto de referencia para a proxección das gotas respiratorias. Nunha situación na que o ton de voz é baixo e as persoas non se encontran confrontadas, a proxección das gotículas respiratorias é inferior ao metro de lonxitude

2.

Para a ordenación dos espazos escolares nas aulas tomarase en consideración o centro da cadeira onde se sitúe ao alumnado e gardarase, cando menos, 1 metro de distancia respecto dos centros das restantes cadeiras que a rodeen.

Todos os pupitres ou mesas colocaranse en liñas mirando cara a dirección do posto do/a profesor/a.

Cando o tamaño da aula o permita, adoptarase a maior distancia posible entre pupitres.

Se o tamaño da aula non permitise as distancias previstas nos parágrafos anteriores adoptaranse as seguintes medidas:

- Retirarase o mobiliario non indispensable que diminúa a superficie útil da aula para tentar obter o máximo distanciamento posible e en todo caso garantir un mínimo dun metro.*
- Sempre que sexa posible, utilizaranse aulas alternativas de especialidade que teñan maior dimensión, tales como laboratorios, aulas de música ou similares.*
- Como última medida, imporase o uso da máscara obrigatoria en todo o horario lectivo.*

Sección 3. e 3.1: Este punto basea todas as medidas no criterio xeral da OMS de manter 1 m de distancia física. Transpoñen esta distancia ás clases dicindo que isto é abondo entre cadeiras, medindo desde o centro das mesmas, en particular di:

"Para a ordenación dos espazos escolares nas clases, terase en conta o centro da cadeira, onde se coloque o alumno e o xardín, a menos dun metro dos centros das outras cadeiras que a rodean." (páxina 16)."

O protocolo OMS ao que se refiren (Organización sanitaria de Work. Consideracións sobre medidas de saúde pública relacionadas coa escola no contexto do COVID-19. 10 de maio de 2020) dispoñibles na rede (<https://www.who.int/publications/i/item/considerations-for-school-public-health-medidas-in-the-context-of-covid-19>) adopta o criterio xeral de 1 metro de separación física entre persoas, pero afirma claramente o seguinte (páxina 4):

"Distanciamento físico e teleescolarización

Distanciamento físico na escola

Manter unha distancia de polo menos 1 metro entre todos os presentes na escola. Aumenta o espazo entre a mesa (polo menos 1 metro entre os pupitres), os baixos / pausas e os picos de xantar (se é difícil, unha alternativa é xantar na mesa)", é dicir, na clase a separación é entre mesas, non entre persoas e menos saíndo das cadeiras, o que reduce aínda máis a separación en 20 ou 30 cm.

Na práctica, unha clase media de 60 m² podería ter 30 alumna/os e, se aplicamos a separación de 1m entre mesas, teríamos 16 alumnas/os. No propio protocolo propónse unha clase "modelo" de 50 m², na que hai 28 espazos separados por 1 m, o que supón un disparate para un grupo-clase que estará dentro de 4-5 horas dentro.

ACHEGA 4

Páx. 17 de 99

“Recoméndase que o profesorado utilice a máscara continuamente non só pola súa función de protección senón tamén polo seu carácter exemplificante.

O uso adicional de viseiras protectoras non é obrigado aínda que non se prohíbe para as persoas que voluntariamente as usen.”

O STEG demanda partidas específicas a tal efecto que garantan o axeitado funcionamento dos centros e a calidade do ensino público. Cargar aos funcionamentos dos centros este desembolso comprometerá seriamente o desenvolvemento normal da súa actividade.

“3.3. Ademais desta norma xeral de distancia de seguridade interpersoal, na etapa de Educación Infantil e na de Educación Primaria poderase optar pola alternativa de establecer grupos estables de aula, ata un máximo de 25 alumnos, que xunto ao titor/a poderán conformar Grupos de Convivencia Estable cuxos membros poden socializar e xogar entre si sen ter que manter a distancia interpersoal de forma estrita. Estes grupos de convivencia estable deberán evitar a interacción con outros grupos do centro educativo, limitando ao máximo o número de contactos, o que non faría necesario gardar a distancia interpersoal de 1 metro en aulas...”

O STEG demanda que se fixe en 15 o máximo de alumnas e alumnos como ratio de referencia e para a constitución destes chamados Grupos de Convivencia Estable. A actual cifra de 25 incumpre as directrices establecidas ás CC AA polo Ministerio de Educación, as recomendacións da OMS e, na práctica, supón unha grave irresponsabilidade que, doutra banda, non vén a cambiar nada do que actualmente xa está establecido, cando o marco sanitario extraordinario demandaría medidas que diferisen, para ben, das actualmente en vigor.

ACHEGA 5

Páx. 20 de 99

“3.7. Os equipos de traballo (ordenador, monitor, teclado, rato, mesa, teléfonos ou material de oficina) deberán ser usados só pola persoa titular do posto e, de non ser posible, desinfectaranse adecuadamente antes de ser empregados por outra persoa. As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.”

O STEG, diante do previsíbel aumento do teletraballo, demanda que cada traballadora e traballador do ensino público conte cun equipo informático para uso individual e intransferíbel e se reforcen notabelmente neste sentido os equipamentos informáticos dos centros que propicien un acceso democrático e universal á Rede, non só polos motivos de hixiene relativos a este puntos, senón tamén ao fío das estatísticas oficiais de público coñecemento e dispoñíbeis no enlace seguinte, relativas á **Porcentaxe de centros conectados a internet por fibra óptica. (fonte da imaxe: Ministerio de Educación//<http://www.educacionyfp.gob.es/servicios-al-ciudadano/estadisticas/no-universitaria/centros/sociedad-informacion.html>), onde Galiza ocupa o posto máis baixo de todas as comunidades autónomas do Estado, cun 10,4% de conexión, 17 puntos inferior á Castela-A Mancha, penúltima no ranking, ou a máis de 80 puntos porcentuais das comunidades con máis conexión a internet por fibra óptica.**

ACHEGA 6

Páx. 26 de 99

“6. Subministración de material de protección

6.1. A consellería realizará un aprovisionamento inicial de elementos de sinalización e máscaras de protección. Corresponde ao equipo formado na COVID-19, en colaboración coa secretaría do centro, o inventario das mesmas e arbitrar un mecanismo de distribución que acredite a súa entrega e o seu consumo para a actividade propia do centro.

6.2. Corresponde ao centro educativo, con cargo aos seus gastos de funcionamento, suplir o aprovisionamento de equipos de protección que non sexan centralizados pola consellería, en especial xel hidroalcohólico e os seus dispensadores, panos desbotables, materiais de limpeza e desinfección, luvas, papeleiras de pedal, impresión de cartelería e, cando resulten insuficientes, máscaras de protección.

6.3 O centro educativo arbitrarán as medidas oportunas para que o inventario e contabilización dos custos deste material sexan

26

individualizables respecto das restantes subministracións do centro, co obxecto de coñecer con detalle os sobrecostos derivados das

medidas de prevención e hixiene ante o COVID-19 e vixiar o consumo axeitado do mesmo.

Corresponde ao equipo COVID en colaboración coa secretaría do centro distribuír ou organizar a distribución do material, levar a súa contabilización e inventario separado e certificar os consumos e gastos producidos.”

O STEG demanda que, en relación ao punto 6.1 e 6.2, sexa a Consellería a que dispoña partidas económicas que sufraguen estes gastos. De igual xeito, demanda que a instalación dos dispensadores de xel etc.. se sufraguen de idéntico xeito.

Propoñemos igualmente que as persoas que fagan parte destes "equipos" deban ser recoñecidas con diminución horaria dalgún tipo e recoñecemento económico, que contribúa ao desenvolvemento das inxentes tarefas que neste documento se describen.

ACHEGA 7

Páx. 27 de 99

“7. Xestión dos abrochos.

7.1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

7.2. Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase un protocolo de actuación previsto con antelación: levarase a un espazo separado de uso individual, colocárselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións.

En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O traballador que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e

27
logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

7.3. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade para comunicarllo, (sen prexuízo do uso da canle

informática sinalada no punto 2). Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de Covid-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinala a xefatura de sanidade.

7.4 A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houbese cita para as ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.

7.5. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.”

O STEG demanda que, en relación ao punto 7, ao respecto da xestión dos abrochos, demanda que cada centro educativo conte cunha traballadora sanitaria, que garanta a debida atención do alumnado e profesorado e poida contribuir a manter a seguridade e saúde laboral.

ACHEGA 8

Páx. 31 de 99

No relativo ao punto 9 e, en concreto, aos puntos 9.1, 9.2, 9.3 e 9.4, relativos todos ás “MEDIDAS QUE AFECTAN ÁS CONDICIÓNS LABORAIS e Xestión das peticións nos supostos de vulnerabilidade”, di:

“Cómpre destacar que se as circunstancias do posto de traballo non variaron respecto á situación previa da pandemia do coronavirus, non existe no/a traballador/a maior sensibilidade que a que existía con anterioridade.”

O STEG solicita eliminar este parágrafo por manifestamente incongruente, pois non estamos nunha situación previa á pandemia pola COVID-19: estamos na nova normalidade, nun contexto de rebrotes moi preocupante e cun risco sanitario que motiva a propia redacción deste borrador de proxecto. Este feito, ao contrario do que di o borrador, fai que exista maior sensibilidade por parte das traballadoras/es susceptíbeis de veren adaptado o seu posto de traballo que a que existía con anterioridade.

ACHEGA 9

Páx. 37, 38 e 39 de 99

No relativo aos puntos 10, 10.1, 10.2, 10.3, 10.4 e 10.5

O STEG bota en falta o xa sinalado nas primeiras emendas propostas: o establecemento dos criterios que deben informar a composición destes equipos de COVID-19, que tipo de formación deben reunir as persoas que fagan parte del, quen tería prioridade á hora de facer parte deles, a redución horaria ou recoñecemento económico que comportaría facer parte deles. No tocante á formación, o STEG interésase por quen formaría as traballadoras/es que non dispoñan dela.

ACHEGA 10

Páx. 40 de 99

“11.3. Poderase permitir en todos o niveis superiores ao ensino infantil a entrada do alumnado con anterioridade á hora de inicio da actividade lectiva dentro da aula que teña asignada, a medida da súa chegada ao centro, co fin de evitar aglomeracións e unha distribución máis axeitada dos tempos de entrada.”

O aumento do horario de apertura dos centros e de permanencia do profesorado que desenvolve o seu traballo neles queda así redactado no aire e constitúe un posíbel motivo de conflitos, ao non concretarse de xeito máis preciso. Calquera variación das condicións de traballo neste sentido, que non contemplan a contratación de máis persoal, teñen difícil concreción e traslado á realidade educativa.

ACHEGA 11

Páx. 57 de 99

No relativo ao punto 26, de *Medidas específicas para o profesorado*, en consoancia coa ausencia de previsión ou memoria económica ningunha que informe este borrador, dende o STEG manifestamos a nosa disconformidade con este feito, en concreto con que a única alusión a aspectos económicos sexa unha referencia neste borrador a que

os gastos derivados da adquisición de material hixiénico necesario para levar adiante os protocolos, corran con cargo aos gastos de funcionamento do centro. A este respecto, o STEG bota en falta algunhas estimacións económicas, do seguinte xeito:

155.851 alumnas (segundo os datos da Consellería)

175 días lectivos

0,95 pvp por máscara (prezo variábel no caso de provedores maioristas)

TOTAL: 25.910.228,75 EUROS

Consonte a isto, namentres se manteñan os prezos actuais (0,96 máscaras e 15 euros/litro o xel), cada alumno supón un investimento mínimo de 2,01 euros ao día (7 usos de xel e unha máscara como pouco, contado 10 ml en cada uso como cantidade recomendada), o que finalmente motivaría un investimento final de case 312.000 euros por día lectivo, traducida nunha inversión de 54 millóns de euros en material médico, sen contar algúns outros aspectos.

Segundo os cálculos realizados polo STEG e parte da comunidade educativa, concluímos que incrementar un grupo mais na ESO (de 3 a 4) e 2 no Bach (de 4 a 6) para baixar de 30 a 20 na ESO e de 35 a 20 no Bach precísanse 3,5 docentes máis. Isto é aproximadamente **36.000€x 3,5 = 126.000€**

ANEXO I

Páxina 13 de 90

Ao respecto dos síntomas da poboación escolar, o anexo I de autoavaliación de síntomas da Covid19 non é válida para o alumnado porque os síntomas que recolle só resultan de aplicación á poboación adulta. O STEG solicita que o cadro de síntomas sexa realizado por pediatras e por tramos de idade consonte aos síntomas referidos a os casos reais de Covid19 en nenos e nenas dos 3 anos en diante ata os 18. O anexo tal coma esta só é válido para persoas adultas.

ANEXO II

O anexo II de vulnerabilidade do persoal docente e traballadores tamén debe ser usado para avaliar a vulnerabilidade do alumnado polo que os protocolos escolares deben ser adaptados tamén ao alumnado con patoloxías previas que poidan ter maior risco de gravidade pola Covid19. A avaliación do risco no cado do alumnado debe facerse polo seu pediatra de referencia que fará o correspondente certificado. En todo caso os estudantes con maior risco deberan ter dereito a recibir ensino virtual no caso de producirse calquer caso da Covid19 no seu centro, sexa ou non na súa aula, e voltar ao centro concluído o brote.